

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 31/01/2020 13:20:29
SAIDA 1453/20

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 177/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 4 de decembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 4 de decembro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acceso ao Informe sobre o nivel de cumprimento dos compromisos do Goberno de España para as obras nas liñas de alta velocidade de Galicia-Madrid e Ourense-Lugo, elaborado por técnicos da Consellería de infraestruturas e Mobilidade, e analizado no Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do 24 de outubro de 2019.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta a súa solicitude e que a mesma refírese a un informe estudado no Consello da Xunta de Galicia celebrado o día 24 de outubro de 2019, cuxas conclusións foron amplamente publicitadas polo Goberno galego, polo que entende que non debería estar sometida a límites.

O escrito viña acompañado de copia da reclamación presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 11 de decembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 13 de decembro de 2019.

Terceiro. Con data 11 de decembro de 2019 [REDACTED] remite escrito no que comunica que con data do 5 de decembro de 2019, obtivo resolución favorable para o acceso á información solicitada.

Cuarto. Con data do 13 de xaneiro de 2020, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo oficio do Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ao que se acompaña informe da Dirección Xeral de Mobilidade no que se fai constar que con data do 5 de decembro de 2019, púxose ao dispor do solicitante a documentación que consta no expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade non resolveu a solicitude de acceso á información no prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou o acceso a unha información que, por tratarse de documentación en poder da Administración para o cumprimento das súas funcións. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información, pero con data do 5 de decembro de 2019, ao interesado lle foi notificada resolución favorable á información solicitada e se lle facilitou o acceso á información á que puido descargar dos servidores da Xunta de Galicia.

De acordo co anterior, procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada, ao terse resolta a solicitude de acceso con posterioridade á interposición da reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia, lembrando á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a súa obriga de resolver as solicitudes de acceso á información, no prazo dun mes desde a recepción da solicitude no órgano competente para resolver.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar, por motivos formais, a reclamación presentada por ██████████ ██████████ contra desestimación por silencio administrativo da súa solicitude á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acceso ao Informe sobre o nivel de cumprimento dos compromisos do Goberno de España para as obras nas liñas de alta velocidade de Galicia-Madrid e Ourense-Lugo, elaborado por técnicos da Consellería de infraestruturas e Mobilidade, e analizado no Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do 24 de outubro de 2019.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

76706870F MARIA	Firmado digitalmente por
DOLORES	76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R:	FERNANDEZ (R: S6500009C)
S6500009C)	Fecha: 2020.01.30 18:04:20
	+01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.